



CONCELLO DE BOIRO

BASES POLAS QUE DEBE REXIRSE A 2ª CONVOCATORIA das AXUDAS AO DESPRAZAMENTO PARA O ALUMNADO QUE CURSE ESTUDOS TÉCNICOS, MEDIOS OU SUPERIORES, OU PARA ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

DISPOSICIÓN XERAIS.

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de axudas ao desprazamento para o alumnado que curse estudos técnicos, medios ou superiores, ou para o alumnado con necesidades educativas especiais, no curso 2018/2019 na súa 2ª convocatoria, realizada no exercizo 2019.

1ª.- FINALIDADE E OBXECTO.

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas ao alumnado que necesite desprazarse por razón de estudos dende o Concello de Boiro aos seguintes destinos:

- a. Santiago
- b. Pontevedra e Vigo
- c. A Coruña
- d. Lugo
- e. Barbanza e Noia
- f. Ourense

Os estudos para os que se solicita a axuda non figurarán na oferta formativa que se imparta no Concello de Boiro

Poderán optar a dita convocatoria aquelas persoas que xa tiveran presentada a documentación de acordo co establecido nas Bases da 1ª convocatoria, aprobada na Xunta de Goberno Local de 16 de outubro de 2018 e que, cumprindo os requisitos, quedaran foran da concesión por falta de consignación presupostaria.

2ª .- FINANCIACIÓN DAS AXUDAS.

As citadas axudas concederanse con cargo á vinculación 3.4, aplicación orzamentaria do exercizo 2019: 326/48000 por importe de 2500€.

3ª.- DOCUMENTACIÓN DA SOLICITUDE E PRAZO

As solicitudes de axudas deberán presentarse no rexistro xeral do Concello a través de **instancia** individualizada indicando modalidade de desprazamento e centro onde se cursan os estudos mediante o uso do modelo I ou II segundo proceda e deberá conter orixinais ou copia compulsada da seguinte documentación:

- a) Certificado ou resgardo orixinal da matrícula.
- b) Autorización ao concello de Boiro á comprobación dos datos referidos aos ingresos de todos os membros da unidade familiar mediante consulta á Facenda Estatal (Anexo III)



CONCELLO DE BOIRO

- c) Volante de empadramento da unidade familiar no Concello de Boiro. Debe constar unha antigüidade mínima do solicitante de 2 anos.
- d) Certificación dos datos bancarios do/a solicitante.
- e) Certificación, no seu caso, de minusvalías.
- f) Outra documentación que se estime oportuna non recollida nos apartados anteriores.

No caso de interesados que xa tiveran presentada dito modelo na 1ª convocatoria aprobada na XGL de 16/10/2018, e que quedaran fóra por falta de consignación, bastará con que presenten o **modelo II de solicitude**.

O prazo para presentar a documentación será o 16 de maio de 2019.

4.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN, VALORACIÓN E RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES.

a) As axudas serán outorgadas pola Xunta de Goberno Local de acordo coa delegación de competencias da Alcaldía-Presidencia en data 17 de xuño de 2011, previo informe da comisión de valoración, debidamente motivada, de acordo cos criterios recollidos no punto 6ª das presentes bases.

b) Constituirase unha comisión de valoración formada por:

1. O Sr. alcalde-presidente, ou concelleira/o en quen delegue, que actuará como presidenta/e da comisión.
2. A concelleira de educación.
3. 1 técnica/o, designado pola concelleira de educación, encargado da supervisión da documentación.
4. A/O secretaria/o da corporación, ou funcionaria/o en quen delegue, que actuará como secretario/a da comisión, con voz pero sen voto.

A Comisión de valoración elaborará proposta na que se incluírá os beneficiarios e a súa contía, atacompletar, de selo caso, o importe máximo da axuda total destinada a tal fin.

c) A proposta de resolución da Comisión de Valoración será elevada á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación, de selo caso.

d) A resolución da concesión de axudas ao abeiro do disposto nestas bases farase pública mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, e será notificada a tódolos solicitantes de forma fidedigna. En todo caso esta resolución farase pública antes do **21 de xuño do 2019**

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

e) Toda alteración das condicións para a concesión da axuda poderá dar lugar, no seu caso, á modificación do acordo.



CONCELLO DE BOIRO

5ª.- CRITERIOS DE SELECCIÓN.

a) Nivel de renda familiar ata un máximo de 3 veces o IPREM vixente (indicador público de renda de efectos múltiples)

Para valorar o nivel de renda familiar teranse en conta as casillas referidas á base imponible xeral e á base imponible do aforro.

Para o cálculo da renda familiar a efectos destas axudas, son membros computables da familia a nai, o pai, a titora/titor ou, no seu caso, persoa encargada da garda e protección do menor, o solicitante e os irmáns solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar ou maiores de 25 anos cando se trate de persoas con discapacidade así como calquera outro membro que conste no volante de empadramento da unidade familiar.

En caso de rendas de igual contía, primaranse as solicitudes que certifiquen a existencia de discapacidades ou minusvalías dalgún dos membros computables da unidade familiar.

No caso de solicitantes que constitúan unidades familiares independentes tamén se consideran membros computables o cónxuxe ou, no seu caso, a persoa á que se atope unida por análoga relación, así como os fillos/as se os houbera.

b) Orde de presentación das solicitudes.

c) No caso de esgotar a partida orzamentaria sen poder satisfacer todas as solicitudes presentadas, a comisión de valoración terá en conta en primeiro lugar as de menor nivel de renda familiar.

6ª.- CONTÍA DAS AXUDAS

a) As axudas serán as seguintes:

AXUDA POR NIVEL DE RENDA MENSUAL *				
DESTINO DESPRAZAMENTO	Modalidade	≤ 200 ata 500€/mes	Entre 501 e 1000 €/mes	Entre 1001 €/mes e o 3 veces o IPREM mensual
Boiro-Vigo	Fin de semana	150,00	100,00	60,00
Boiro-Pontevedra	Fin de semana	100,00	75,00	50,00
Boiro-Santiago	Fin de semana	100,00	75,00	45,00
Boiro-Santiago	Diario	450,00	350,00	200,00
Boiro- A Coruña	Fin de semana	190,00	140,00	100,00
Boiro- Lugo	Fin de semana	270,00	220,00	110,00
Boiro-Ourense	Fin de semana	220,00	190,00	100,00
Boiro-Barbanza-Noia	Diario	160,00	110,00	70,00

En todo caso, as axudas concedidas non superarán o crédito recollido na aplicación orzamentaria correspondente.

7.- PRAZO DE XUSTIFICACION , FORMA E COBRO DAS AXUDAS.

1.- O prazo de xustificación das axudas rematará o **18 de xullo 2019**

Esgotado o prazo de xustificación establecido no presente apartado non se contempla concesión de prórroga.



CONCELLO DE BOIRO

No caso de non presentarse xustificación da totalidade ou parte da axuda concedida dentro do prazo, o órgano competente acordará a perda do dereito á axuda concedida (parcial ou total)

O 31 de decembro do ano 2019, anularanse automaticamente os compromisos de axuda pendentes de xustificación.

2.- Condicións da xustificación.-

O presuposto subvencionado a xustificar será, como mínimo o importe da subvención concedida.

No caso de ter outras subvencións para o mesmo obxecto, o presuposto subvencionado a xustificar será a suma das subvencións.

O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou investimento feito polo beneficiario.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

O beneficiario deberá someterse aos procedementos de control ou auditoría que se realicen pola Intervención Municipal, polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras, e tamén, na condición de contratante, aos procedementos de control que poida realizar o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control interno ou externo nacional ou europeo. E como resultado de ditos procedementos, poderase esixir responsabilidade administrativa, consonte ao previsto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e no seu caso responsabilidade penal, de conformidade co Código Penal.

3.- A xustificación dos gastos, de acordo co fin para o que se outorgou a axuda, deberase realizar presentando a documentación xustificativa seguinte **no modelo IV**, nos prazos indicados na presente convocatoria:

a. Facturas orixinais ou copias cotexadas, de pagamento das viaxes que deberán conter como mínimo os seguintes requisitos:

1. Nome, razón social, NIF ou CIF e enderezo de quen emite a factura.
2. Desglose do IVE ou imposto correspondente.
3. Nome, domicilio, NIF ou CIF do beneficiario/a.
4. Descrición detallada do servizo (modalidade da viaxe).
5. Número de factura, data de emisión e denominación de "Factura".

b. Xustificante de pagamento das viaxes mediante transferencia bancaria ou ben mediante tarxeta bancaria na que figure como titular a/o solicitante (só se admitirá esta fórmula se o beneficiario da subvención é o titular da tarxeta bancaria) acompañado dos documentos orixinais das viaxes de transporte (billetes) e da xustificación da titularidade da tarxeta bancaria. Non se admitirá ningún outro documento xustificativo de pago distinto do descrito no apartado anterior.

c. Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

d. Declaración de non ter débedas coa Facenda Estatal, Seguridade Social e co concello de Boiro e autorización para consulta destes datos.



CONCELLO DE BOIRO

4. Á vista da documentación xustificativa presentada e previo informe da intervención A Xunta de Goberno Local acordará a aprobación da fase O do gasto

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección.

Esta axuda ten carácter postpagable. O pago efectuarase mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo solicitante, que será o titular de dita conta.

8ª.- OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS/OS.

- Destinar a contía das axudas para o fin que foron concedidas.
- O sometemento ás actuacións de comprobación do Concello da efectiva realización das actividades para as que se outorgara a axuda.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Facilitar tanta información sexa requirida polo Concello.

9.- REINTEGRO DAS AXUDAS.

O beneficiario/a procederá ó reintegro do total ou parcial das cantidades percibidas dende o momento do pago da axuda nos seguintes casos :

- Incumprimento da finalidade para a que foi outorgada a axuda.
- Obtención da axuda sen reunir as condicións requiridas ou falseándoas.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Estas bases foron aprobadas na Xunta de Goberno Local de 24/04/2019

ANEXO I. SOLICITUDE AXUDA AO TRANSPORTE UNIVERSITARIO - Curso 2018/2019 Concellería de educación do Concello de Boiro

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE				
APELIDOS :	NOME :			
DNI	Data nacemento	Nº teléfono		
e-mail				
Autorizo a NOTIFICARME no enderezo de correo	SI		NO	
Enderezo				
DATOS ACADÉMICOS				

Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax, 981 844 008



Praza de Galicia, s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.gal
páxina web: www.boiro.gal

N.º R. E. L. 01150119

CONCELLO DE BOIRO

Estudos que realiza (especificar modalidade)	
Centro de ensino (especificar localidade)	
MODALIDADE DE AXUDA QUE SOLICITA (Indicar modalidade de DESTINO)	
Boiro- _____(destino que figura nas bases*)	
*DESTINOS QUE FIGURAN NAS BASES: Santiago(opción diario ou opción fin de semana(de domingo a venres), Vigo, Pontevedra, Lugo, Ourense, A Coruña, Barbanza-Noia)	
DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA (debe ser orixinal ou estar cotexada)	
<input type="checkbox"/>	Certificado ou resgardo da matrícula
<input type="checkbox"/>	Volante de empadramento da unidade familiar
<input type="checkbox"/>	Certificado dos datos bancarios do/a solicitante
<input type="checkbox"/>	Certificado de minusvalías
Boiro, de de	
A persoa solicitante / nai / pai ou titor/a legal.	
Asdo.:	

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIRO

Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax, 981 844 008



Praza de Galicia, s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.gal
páxina web: www.boiro.gal

N.º R. E. L. 01150119

CONCELLO DE BOIRO

ANEXO II. SOLICITUDE AXUDA AO TRANSPORTE UNIVERSITARIO - Curso 2018/2019 Concellería de educación do Concello de Boiro	
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE	
APELIDOS:	
NOME:	
DNI:	
ENDEREZO:	
EXPOÑO:	
Que xa teño presentado instancia e documentación na 1ª convocatoria das axudas ao desprazamento para o alumnado que curse estudos técnicos, medios ou superiores ou para o alumnado con necesidades educativas especiais aprobadas na Xunta de Goberno Local de de 16 de outubro de 2018.	
SOLICITO:	
Participar na 2ª convocatoria e que se teña en conta a documentación presentada por mor da 1ª convocatoria.	
Boiro, de de	
Asdo.: _____ D.N.I. . _____	
Sr. Alcalde-presidente do concello de Boiro	



CONCELLO DE BOIRO

ANEXO III

AUTORIZACIÓN COMPROBACIÓN DE DATOS DE TERCEIRAS PERSOAS PARA CONSULTA DA RENTA UNIDADE FAMILIAR E ESTAR AO CORRENTE FACENDA E SEGURIDADE SOCIAL

(todos os membros computables da unidade familiar)

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta electrónica automatizada. No caso de que as persoas interesadas opoñanse a esta consulta, deberán indicala na casilla correspondente e aportar o documento. As persoas interesadas, mediante a súa firma, aceptan a incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de terceiras persoas interesadas menores de idade, o presente documento deberá ser asinado por un dos proxenitores, titor/a ou representante legal.

NOME E APELIDOS	NIF	PARENTESCO	DNI/NIE	RENTA	FIRMA
			<input type="checkbox"/> OPÓÑOME A CONSULTA	<input type="checkbox"/> OPÓÑOME A CONSULTA	
			<input type="checkbox"/> OPÓÑOME A CONSULTA	<input type="checkbox"/> OPÓÑOME A CONSULTA	
			<input type="checkbox"/> OPÓÑOME A CONSULTA	<input type="checkbox"/> OPÓÑOME A CONSULTA	
			<input type="checkbox"/> OPÓÑOME A CONSULTA	<input type="checkbox"/> OPÓÑOME A CONSULTA	
			<input type="checkbox"/> OPÓÑOME A CONSULTA	<input type="checkbox"/> OPÓÑOME A CONSULTA	
			<input type="checkbox"/> OPÓÑOME A CONSULTA	<input type="checkbox"/> OPÓÑOME A CONSULTA	

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIRO



ANEXO IV

XUSTIFICACIÓN AXUDAAO TRANSPORTE UNIVERSITARIO - Curso 2018/2019

Concellería de educación do Concello de Boiro



Don/a _____ con
DNI _____ e domicilio _____;

EXPOÑO:

Primeiro.- Que a Xunta de Goberno Local concedeume unha axuda para o desprazamento, por importe de _____ na modalidade _____

Segundo.- Que dentro do prazo de xustificación establecido nas bases acompañe a seguinte documentación xustificativa da aplicación dos fondos recibidos:

1º) Facturas orixinais ou copias cotexadas.

2º) Acreditación do pago das facturas.

3º) Declaro non ter débedas coa Facenda Estatal, Seguridade Social e co Concello de Boiro, autorizando ao concello á consulta destes datos.

4º) Declaración doutras axudas (riscar a opción correcta):

<input type="checkbox"/>	Declaro non ter outras subvencións para a mesma finalidade
<input type="checkbox"/>	Declaro ter as seguintes subvencións para a mesma finalidade:

SOLICITO:

Que se admita a documentación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención concedida.

Boiro, a _____ de _____ de 2019

Asdo.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIRO